

Disposición adicional única. *Fomento da recuperación de enerxía.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, fomentarán cando proceda a recuperación de enerxía, sempre que sexa preferible á reciclaxe de materiais por razóns de ambiente e rendibilidade, o que se poderá levar a cabo mediante a consideración dunha marxe suficiente entre os obxectivos de reciclaxe e valorización.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre planificación xeral da actividade económica e sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1. 13.^a e 23.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilítanse os ministros de Medio Ambiente; de Economía e Facenda; de Industria, Turismo e Comercio; de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Sanidade e Consumo, para ditar, conxunta ou separadamente e no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

3875 *REAL DECRETO 255/2006, do 3 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e o Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 365/1995, do 10 de marzo. («BOE» 54, do 4-3-2006.)*

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na súa disposición adicional novena, recolle o dereito preferente da funcionaria vítima de violencia de xénero a obter outro posto propio do seu corpo ou escala, de análogas

características, que se encontre vacante e sexa de necesaria provisión, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.

Dentro das medidas contidas no Plan para a igualdade de xénero na Administración xeral do Estado, aprobado por acordo de Consello de Ministros o 4 de marzo de 2005, estipúlase que o Goberno, mediante real decreto, adoptará as medidas oportunas para facer efectiva tal previsión.

Por outro lado, o citado acordo inclúe distintas medidas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas que traballan na Administración xeral do Estado, cuxo obxectivo é eliminar os obstáculos que aínda se constatan para garantir a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres no acceso e desempeño do servizo público. Este real decreto dálle cumprimento ao disposto no plan ao permitir a valoración nos concursos de méritos do coidado de fillos e de familiares dependentes.

Así mesmo, a Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciu unha nova figura, dentro da regulación dos sistemas de provisión de postos de traballo, para facilitar a mobilidade voluntaria por razóns de saúde ou rehabilitación dos funcionarios públicos e os seus familiares.

Tanto no suposto de mobilidade por razóns de saúde ou rehabilitación como no de mobilidade por razóns de violencia de xénero, a adscrición só terá carácter definitivo cando o interesado ocupase con tal carácter o seu posto de orixe. Por iso e por outros supostos análogos, é preciso modificar o artigo 70, grao persoal, do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, para que o desempeño dun posto en adscrición provisional non sexa óbice para a consolidación do grao persoal, sempre e cando se cumpran determinados requisitos, principalmente que o devandito posto ou outro de igual ou superior nivel se adquira posteriormente con carácter definitivo. Por outro lado, recoñécese expresamente que o tempo de servizos prestados noutra Administración pública debe computar para a consolidación do grao persoal, aclarando a redacción existente.

En relación cos concursos de méritos, clarifícase a redacción da valoración do mérito «traballo desenvolvido» coa finalidade de evitar dúbidas interpretativas. Así, recóllese expresamente a posibilidade de optar de forma alternativa ou simultánea pola valoración do mérito «traballo desenvolvido», como tempo de permanencia en postos de traballo de cada nivel e/ou como experiencia no desempeño de postos pertencentes á área funcional ou sectorial dos convocados e similitude entre o contido técnico e especialización dos postos ocupados polos candidatos.

Tales reformas requiren unha modificación de diversos preceptos do citado Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Finalmente, no Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, precísanse os supostos de feito necesarios para declarar a situación de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, que non cabe no caso de desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal.

En atención ao exposto, por proposta do ministro de Administracións Públicas, logo de informe da Comisión Superior de Persoal, de acordo co Consello de Estado e

logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 3 de marzo de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.*

No Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado introdúcense as seguintes modificacións:

Un. A alínea c) do punto 1 e o punto 2 do artigo 44 quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 44.1 c).

A valoración do traballo desenvolvido deberase cuantificar segundo a natureza dos postos convocados conforme se determine na convocatoria, tendo en conta o tempo de permanencia en postos de traballo de cada nivel e, alternativa ou simultaneamente, en atención á experiencia no desempeño de postos pertencentes á área funcional ou sectorial a que corresponde o convocado e a similitude entre o contido técnico e a especialización dos postos ocupados polos candidatos cos ofrecidos, podendo valorarse tamén as aptitudes e rendementos apreciados aos candidatos nos postos anteriormente desempeñados.»

«2. As bases de cada convocatoria establecerán unha puntuación que, como máximo, poderá alcanzar a que se determine nelas para a antigüidade para os seguintes supostos:

a) O destino previo do cónxuxe funcionario, obtido mediante convocatoria pública, no municipio onde radique o posto ou postos de traballo solicitados, sempre que se acceda desde municipio distinto.

b) O coidado de fillos, tanto cando o sexan por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, ata que o fillo cumpra doce anos, sempre que os interesados acrediten de forma que faga fe que o posto que solicitan permite unha mellor atención do menor.

c) O coidado dun familiar, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade sempre que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, sempre que se acceda desde un municipio distinto, e sempre que os interesados acrediten de forma que faga fe que o posto que se solicita permite unha mellor atención do familiar. A valoración deste suposto será incompatible coa outorgada polo coidado de fillos.»

Dous. Engádese un novo artigo 66 bis que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 66 bis. *Mobilidade por razóns de saúde ou de rehabilitación.*

1. Logo de solicitude baseada en motivos de saúde ou rehabilitación do funcionario, o seu cónxuxe, ou os fillos ao seu cargo, poderase adscribir os funcionarios a postos de traballo de distinta unidade administrativa, na mesma ou noutra locali-

dade. En todo caso, requirirase o informe previo do servizo médico oficial legalmente establecido. Se os motivos de saúde ou de rehabilitación concorren directamente no funcionario solicitante, será preceptivo o informe do servizo de prevención de riscos laborais do departamento ou organismo onde preste os seus servizos.

2. A adscripción estará condicionada a que exista posto vacante, dotado orzamentariamente, cuxo nivel de complemento de destino e específico non sexa superior ao do posto de orixe, e que sexa de necesaria provisión. O funcionario deberá cumprir os requisitos previstos na relación de postos de traballo.

A adscripción terá carácter definitivo cando o funcionario ocupase con tal carácter o seu posto de orixe e, neste suposto, deberá permanecer un mínimo de dous anos no novo posto, salvo nos supostos previstos no artigo 41.2 deste regulamento.

O cesamento no posto de orixe e a toma de posesión no novo posto de traballo deberanse producir no prazo de tres días hábiles se non implica cambio de residencia do funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia.

3. Serán competentes para resolver os órganos establecidos no artigo 64.3 deste regulamento.»

Tres. Engádese un novo artigo 66 ter. Mobilidade da funcionaria vítima de violencia de xénero, que queda redactado nos seguintes termos.

«Artigo 66 ter. *Mobilidade da funcionaria vítima de violencia de xénero.*

1. A funcionaria vítima de violencia de xénero que, para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral, se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo onde viña prestando os seus servizos poderá solicitar o traslado a un posto de traballo en distinta unidade administrativa, na mesma ou noutra localidade.

Na devandita solicitude indícarase a localidade ou localidades ás cales solicita o traslado, debendo ir acompañada de copia da orde de protección ou, excepcionalmente ata que se dite a orde de protección, de informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero.

2. Se concorresen as circunstancias previstas legalmente, o órgano competente adxudicará un posto propio do seu corpo ou escala, cuxo nivel de complemento de destino e específico non sexa superior ao do posto de orixe, dotado orzamentariamente, que se encontre vacante e sexa de necesaria provisión. A funcionaria deberá cumprir os requisitos previstos na relación de postos de traballo.

A adscripción terá carácter definitivo cando a funcionaria ocupase con tal carácter o seu posto de orixe e, neste suposto, deberá permanecer un mínimo de dous anos no seu novo posto, salvo nos supostos previstos no artigo 41.2 deste regulamento ou no caso de que a funcionaria se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo por ser vítima de novo de violencia de xénero e así se acredite na forma sinalada no parágrafo segundo do punto 1 deste artigo ou se así se require para recibir a asistencia social integral. Estes traslados, cando impliquen cambio de residencia, terán a consideración de forzosos.

O cesamento no posto de orixe e a toma de posesión no novo posto de traballo deberanse producir no prazo de tres días hábiles se non implica

cambio de residencia da funcionaria, ou dun mes se comporta cambio de residencia.

3. Serán competentes para resolver os órganos referidos no artigo 64.3 deste regulamento.»

Catro. Modifícanse os puntos 6 e 11 do artigo 70, que quedan redactados nos seguintes termos:

«6. Unha vez consolidado o grao inicial e sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do punto 2 deste artigo, o tempo prestado en comisión de servizos será computable para consolidar o grao correspondente ao posto desempeñado sempre que se obteña con carácter definitivo o devandito posto ou outro de igual ou superior nivel.

Se o posto obtido con carácter definitivo fose de nivel inferior ao do desempeñado en comisión e superior ao do grao consolidado, o tempo de desempeño nesta situación computarase para a consolidación do grao correspondente ao nivel do posto obtido.

Non se computará o tempo de desempeño en comisión de servizos cando o posto fose de nivel inferior ao correspondente ao grao en proceso de consolidación.

As previsións contidas neste punto serán de aplicación así mesmo cando se desempeñe un posto en adscrición provisional nos supostos previstos neste regulamento.»

«11. O recoñecemento do grao persoal será efectuado polo subsecretario do departamento onde preste servizos o funcionario, que ditará para o efecto a oportuna resolución, comunicándoselle ao Rexistro central de persoal dentro dos tres días hábiles seguintes.

O grao recoñecido polos órganos competentes doutra Administración pública será anotado no Rexistro central de persoal ata o nivel máximo do intervalo correspondente ao seu grupo de titulación, de acordo co disposto no punto 1 do artigo 71 deste regulamento, unha vez que o funcionario reingrese ou se reintegre á Administración xeral do Estado no mesmo corpo ou escala en que lle fose recoñecido o grao persoal.

Os servizos prestados noutra Administración pública que non cheguen a completar o tempo necesario para consolidar o grao persoal serán tidos en conta para efectos de consolidación do grao, cando o funcionario reingrese ou se reintegre á Administración xeral do Estado, no mesmo corpo ou escala no que estivese o devandito grao en proceso de consolidación e sempre dentro dos intervalos de niveis previstos no artigo 71 deste regulamento.

O disposto no parágrafo anterior realizarase de conformidade coas previsións que, para a consolidación de grao persoal, se establecen neste regulamento.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 365/1995, do 10 de marzo.*

Os puntos 1 e 3 do artigo 15 do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, relativo á excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 15. *Excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público.*

1. Procederá declarar, de oficio ou por instancia de parte, na situación regulada neste artigo os fun-

cionarios de carreira que se encontren en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas, salvo que obtivesen a oportuna compatibilidade, e os que pasen a prestar servizos como persoal laboral fixo en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais. O desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal non habilitará para pasar a esta situación administrativa.

Para efectos do previsto no parágrafo anterior, débense considerarse incluídas no sector público aquelas empresas controladas polas administracións públicas por calquera dos medios previstos na lexislación mercantil, e en que a participación directa ou indirecta das citadas administracións públicas sexa igual ou superior á porcentaxe legalmente establecida.

3. Os funcionarios poderán permanecer nesta situación entremetres se manteña a relación de servizos que deu orixe a ela. Unha vez producido o cesamento como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo deberán solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo máximo dun mes, e serán declarados, de o non faceren, na situación de excedencia voluntaria por interese particular.»

Disposición transitoria única. *Aplicación aos concursos de méritos.*

Este real decreto aplicaráselles aos concursos de méritos convocados con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,
JORDI SEVILLA SEGURA

MINISTERIO DO INTERIOR

4011 *REAL DECRETO 249/2006, do 3 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril. («BOE» 56, do 7-3-2006.)*

Mediante o Real decreto 614/1995, do 21 de abril, foi aprobado o Regulamento de procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, no cal se regulan, xunto a outros aspectos, os distintos requisitos que teñen que reunir os aspirantes que soliciten ser admitidos a participar nas probas selectivas para ingresar no indicado